



BIBLIOTECA VIVENTE

“O galego dá xogo”

5 e 6 de abril 2017



NO PITO ESTÁ A CHAVE

E a esta que se lle perdeu aquí? Pero non ve que este non é o seu mundo? Unha pipiola e xa pita en primeira nacional, a quen se lle conte... *Marimacho! Vai fregar!* Carece da intelixencia necesaria para dirixir encontros de máxima categoría, e mira para aí, xa na Asobal, e aínda por riba mira como cubre as actas... *Malfollada! Dille a túa nai que se case!* E a federación quere propoñela para internacional... pois veremos quen lle fai de parella... *Tortillera! Anda e que foda un burro!* Que cousa terca! Pois de aí xa non pode descender. Nunca tal se vira na final da copa do Rei, nin nos campionatos europeos, nin nos mundiais... e moito menos nas Olimpíadas! E agora na *International Handball Federation*? O que me faltaba por escoitar, ho!



MÁIS VALE MAÑA QUE FORZA

Só estaba eu, pero camiñando cos pés e coas mans sementei branco para xermolar amarelo; con moita disciplina medrei verde para madurar azul, e co froito vermello souben manexar o perigo. Colleitei negro para, dando patadas, aprender a non atacar, pero si a me defender, sen armas, coma daquela vez... Nun combate con grande rival, a forza de pouco che serve para gañar, por iso é que de aí veñan as miñas ansias de mellora, pero que a miña competición estea nos Poomse.

Na miña profesión tiña dobre vantaxe, pero escollín este camiño cara a perfección: un camiño duro, sufrido e sacrificado, que se me preguntas se o volvería tomar...

LIBRO 2



CANEANDO CAMBADELAS

Vai comezar o partido en Balaídos. Está agardando o colexiado a que se cumpra o horario previsto. Está agardando tamén a que se disipe o fume, a néboa que provocaron as vengalas que acenderon os seguidores do Celta. Está todo a punto, todo disposto. Vaia ambientazo! Comeza o partido en Balaídos!

Está xogando o Celta por mediación de Juanfran. O primeiro rexeite que chegou, á contre, trataba de marchar, chegou tamén Karpin, que foi o que acabou retrasando para Pinto. Primeiros segundos en Balaídos. O salto de Benni. Tocou o balón Montero. Toca Gustavo López. Acaba de abrir ben para Mostovoi e aguanta aí Mostovoi. Prepara o lanzamento, continúa Mostovoi, o centro coa esquerda, busca a Benni, Makelele.... Gol, Gol, Gol!!!! GOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOL do Celta, Makelele!!!

Ver para crer... Apenas nuns segundos... A xogada de Mostovoi, para poñer en táboas a eliminatoria. Era o desexo dos xogadores galegos, acadar un gol ben cedo. As bancadas están que non o cren!!!



ÁS OLIMPIADAS CHÉGASE REMANDO

Aquí había as regatas de traíñas, que ao primeiro éranche por necesidade, non por deporte, pero eu xa aprendín a modalidade de banco móbil, nas Yolas, que o primeiro barco de remo olímpico non nos chegou ata anos despois.

Adestrababamos pola ría, que nin pistas tiñamos, para ir ás primeiras regatas a Portugal, acusándonos de contrabando. Saber andar no barco non é tirar do pau, é necesaria a coordinación absoluta para escoitalo deslizar. Shum, shhhhh, shum, shhhh... que pareza que paseas. Quedar de segundos no campionato de España, por aquela mala saída, foi cousa boa. Adestramos nun 4 con timoneiro, mañá, tarde e noite; antes e despois de traballar; con vento, sol, frío e choiva; inverno e verán... para bater todos os récords ao ano seguinte. Isto dounos o billete aos xogos olímpicos, unha viaxe de 2 días en autobús na que poder ver moito do que aquí estaba prohibido, previa petición oficial aos nosos xefes, que a min nin ir me deixaban. Gañábache ben máis traballando! Houbo que pasar mundos e moreas para chegar aos días na Vila Olímpica convivindo con xentes de todo o mundo, todos iguais, vacilando aos brasileiros e firmando autógrafos. No lago Albano conseguimos rebaixar o noso tempo en 20", e sen vernos envoltos no lío da *coca-cola*!

Desde os 13 anos ata agora, ter sido 18+6 veces campión de España, librar dunha mili ao uso ou ter ido a 3 Olimpíadas, pode ser o resumo da miña carreira, mais para min é a aventura da búsqueda da perfección, en familia.



AMBÍLOKWOI

Quere dicir á beira da ría, no idioma do país do que é orixinario este deporte, que tamén empeza por G, coma o noso, e que tamén está en perigo de desaparecer. Dirán que é coma o baloncesto, ou non, tamén dirán que é coma o fútbol ou o balonmán, mesmo que as placaxes son coma as do rugby, pero non; neste deporte o compromiso vai máis alá do xogar, e o obrigado terceiro tempo é, sobre todo, o que te fai enganchar. Por ser pioneira, a liga galega está posicionada a nivel mundial. Aínda non sabes do que estamos a falar?



DE *CHACARITAS* A IRON MAN

Ter dous xerseis e só poñer un é un atraso, así como esperar que a felicidade te veña buscar ao sofá. Éche ben certo aquilo de que para non se amargar hai que variar, así foi como dunha volta descubrín que a autocomplacencia absoluta está na competitividade. Mais non che son home de medias tintas, se me meto, métome ata os ollos. En moitos mundos me mergullei, mais veremos se es quen de adiviñar cantas cousas son, as que fun, serei e son: futbolista, gaiteiro, peón, guitarrista, profe, monitor de tempo libre, modelo de arte, fotógrafo, ciclista, triatleta... .

LIBRO 6

CONCELLERÍA
DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

CONCELLO
DE VIGO




VIGO
EN GALEGO

 ANDOBELA
EDUCACIÓN E CULTURA